



## **Proposta de adxudicación relativa á contratación do servizo para o mantemento das licenzas da base de datos Oracle do Parlamento de Galicia.**

I. O 3 de novembro de 2015, a Mesa do Parlamento, acordou iniciar o procedemento e aprobar os pregos de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas da contratación administrativa do mantemento das licenzas da base de datos de Oracle do Parlamento de Galicia, mediante procedemento negociado sen publicidade por razón de exclusividade e un valor estimado de 61.443,43 €.

Conforme ao establecido no artigo 170.d) da TRLCSP á contratación unicamente foi invitado a participar o licitador propietario en exclusiva, entre outros, dos dereitos do soporte técnico e mantemento da totalidade dos programas que integran Oracle Corporation, entre eles Oracle dataBase Enterprise Edition, obxecto desta contratación.

O 4 de novembro cursouse invitación á empresa solicitándolle a presentación dunha oferta para o servizo de mantemento que se pretende contratar e poder así negociar as condicións de contrato. Unha vez rematado o prazo para a súa presentación, a empresa Oracle presentou oferta, por rexistro, o 6 de novembro, e dentro do prazo establecido.

II. Con data de 7 de novembro constitúese á Comisión encargada da negociación, que procedeu á valoración da proposicións presentada.

De conformidade co disposto na cláusula décima do citado prego, e unha vez elaborado pola Comisión o informe inicial de valoración, invitouse á empresa a reformular ou mellorar os termos da súa oferta inicial ou indicar que se mantén nos termos orixinais.

Con data de 10 de novembro a empresa contesta que non reformula ou mellora a súa oferta, indicando que é o mellor prezo que pode facer.

III. Unha vez efectuadas as actuacións anteriores, a Comisión declara concluída a fase de negociación, e non habendo cambios sobre a valoración contida no *"Informe de valoración inicial da Comisión encargada da negociación da contratación do mantemento das licenzas da base de datos Oracle do Parlamento de Galicia mediante procedemento negociado sen publicidade"*, procedeuse á comprobación do criterio de adxudicación, determinado polo prezo, concluíndo que a oferta de Oracle Ibérica, S.R.L, é coincidente co orzamento máximo de licitación establecido polos pregos, e que cumpre co esixido co establecido no apartado 4 do cadro de especificacións técnicas.

IV. Xa que logo, logo da realización dos trámites legais e regulamentarios procedentes, e do informe favorable da Intervención Xeral da Cámara, a Mesa do Parlamento, na súa reunión do 23 de novembro de 2015, adoptou o Acordo de requirirle á empresa Oracle Ibérica, S.R.L, a presentación da documentación esixida na base décimo primeira do prego de cláusulas administrativas, para proceder, de ser o caso, á adxudicación do contrato; acordo que foi notificado mediante correo electrónico e recibido pola empresa o 24 de novembro de 2015.

V. O 27 de novembro de 2015 Oracle Ibérica, S.R.L. presentou no Rexistro da Cámara toda a documentación requirida (rexistro nº 44619), incluíndo a constitución de



garantía definitiva mediante o aval nº 23.198/15 da entidade BNP Paribas, S.A. por importe de 3.072,17 €.

En consecuencia, propónse á Mesa do Parlamento a adopción do seguinte acordo:

- *Adxudicar o contrato administrativo do servizo para mantemento das licenzas da base de datos de Oracle do Parlamento de Galicia á empresa **Oracle Ibérica, S.R.L.**, polos seguintes importes:*

	Importe
<b>Contorno interno</b>	
Oracle DB Enterprise Edition – Named User Plus Perpetual	18.628,89 €
Oracle Partitioning – Named User Plus Perpetual	4.510,64 €
Oracle Active Data Guard – Named User Plus Perpetual	3.921,80 €
Oracle Web Logic Server Enterprise Edition–Named User Plus Perpetual	9.805,08 €
<b>Contorno web</b>	
Oracle DB Enterprise Edition – Processor Perpetual	12.419,38 €
Oracle Partitioning – Processor Perpetual	3.006,78 €
Oracle Active DataGuard – Processor Perpetual	2.614,52 €
Oracle Web Logic Server Enterprise Edition–Processor Perpetual	6.536,34 €
Total sen IVE	61.443,43 €
21% IVE	12.903,12 €
<b>TOTAL CON IVE</b>	<b>74.346,55 €</b>

Santiago de Compostela, 30 de novembro de 2015.

Vº e prace

Xosé Antón Sarmiento Méndez  
Letrado Oficial Maior



Santiago González Serrano  
Director de Recursos Humanos e Réxime Interior